



Concello do Grove

Expediente nº: 896/2019

Asunto: CONSTITUCIÓN DO TRIBUNAL PARA A SELECCIÓN DUN TÉCNICO AUXILIAR DE DEPORTES E AVALIACIÓN E BAREMO DOS MÉRITOS.

Na Sala de Xuntas da Casa do Concello do Grove, sendo as 9:00 h do día 23 de xaneiro, reúnese o Tribunal Cualificador designado mediante Decreto da Alcaldía nº2020-0028, do procedemento de selección dun funcionario/a interino/a por razón de urxencia coa categoría de técnico/a auxiliar deportivo.

Asistiron os seguintes membros titulares:

Presidencia: Enrique Pazos Abal

Vogais:

1º Ramón López Marín

2º Beatriz García Ucha

3º María del Carmen Vidal Pérez

Secretaría: María del Carmen Meis Domínguez

1. Constitución do Tribunal.

Concorrendo o quórum ao que se refire a Base 6ª punto 9 das Bases da convocatoria, declárase constituído o Tribunal.

2. Garantía do anonimato na fase de oposición.

Segundo a base 9 punto 3 da Convocatoria o tribunal acorda empregar un sistema para a corrección dos exercicios que asegure o anonimato.

3. Criterios na fase de concurso.

Analizando as bases da convocatoria e posto que non se reflexa outro modo máis correcto, o tribunal acorda que non se puntuarán os títulos de formación profesional ao non constar como cursos e non establecerse modo de puntualos nas bases da convocatoria.


4. Preparación dos exames.

Acórdase a preparación dos exames en conxunto polos membros do tribunal.

5. Avaliación e baremo dos méritos alegados polos aspirantes.

Concello do Grove

Praza do Corgo, s/n, O Grove. 36980 Pontevedra. Tfno. 986730975. Fax: 986731358





Concello do Grove

Acto seguido, procédese á cualificación provisional dos méritos alegados polos aspirantes, segundo o baremo estipulado na base nº 7

Examinada a documentación xustificativa dos citados méritos, e á vista dos CV presentados polos aspirantes, segundo a Base 4 punto1, os seguintes solicitantes:

- Roberto Álvarez Fandiño
- Carla Casal Outón
- Iria Estonllo Sabarís
- María Jesús Longueira Martínez
- Jaime Pastor Vales

relacionan unha experiencia da que non aportan certificación. Requíreselle que aporten **certificación, expedida pola Administración pública na que prestou o servizo, na que se faga constar o posto de traballo que ocupou, grupo de clasificación e cómputo total de días, meses ou anos traballados.** Non se terán en conta as fotocopias de contratos de traballo nin a vida laboral expedida pola Tesourería Xeral da Seguridade Social. Enténdese por servizos prestados na Administración pública os que derivan dunha contratación laboral, da condición de persoal funcionario de carreira ou interino en calquera das súas modalidades. Así se recolle na Base 7ª apartado A.3.

Finalizadas as anteriores deliberacións, polo Tribunal de Selección adóptanse os seguintes **ACORDOS:**

Primeiro: Requirir, consonte ao disposto no artigo 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, aos aspirantes que de seguido se relacionan, para que nun prazo de 5 días hábiles a contar dende o seguinte ao da publicación do presente acto, emenden as seguintes deficiencias ou omisións detectadas na documentación acreditativa dos méritos alegados:

- Roberto Álvarez Fandiño: certificación, expedida pola Administración pública na que prestou o servizo, na que se faga constar o posto de traballo que ocupou, grupo de clasificación e cómputo total de días, meses ou anos traballados.
- Carla Casal Outón: certificación, expedida pola Administración pública na que prestou o servizo, na que se faga constar o posto de traballo que ocupou, grupo de clasificación e cómputo total de días, meses ou anos traballados.
- Iria Estonllo Sabarís: certificación, expedida pola Administración pública na que prestou o servizo, na que se faga constar o posto de traballo que ocupou, grupo de clasificación e cómputo total de días, meses ou anos traballados.
- María Jesús Longueira Martínez: certificación, expedida pola Administración pública na que prestou o servizo, na que se faga constar o posto de traballo que ocupou, grupo de clasificación e cómputo total de días, meses ou anos traballados.
- Jaime Pastor Vales: certificación, expedida pola Administración pública na que prestou o servizo, na que se faga constar o posto de traballo que ocupou, grupo de clasificación e cómputo total de días, meses ou anos traballados.

Concello do Grove

Praza do Corgo, s/n, O Grove. 36980 Pontevedra. Tfno. 986730975. Fax: 986731358



Cod. Validación: 6P4C35HRKWX15PWCPSM/JMLD9 | Corrección: <https://concellogrove.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 3



Concello do Grove

De non aportarse a documentación requirida ou emendarse a deficiencia en prazo, non se valorará o mérito alegado

Segundo. Segundo a base 9 punto 3 da Convocatoria o tribunal acorda empregar un sistema para a corrección dos exercicios que asegure o anonimato.

Terceiro. Publicar os acordos adoptados polo tribunal no taboleiro de anuncios (Sede Electrónica e casa consistorial) e adicionalmente na páxina web municipal.

E non habendo máis asuntos dos que tratar, polo Sr. Presidente, levantouse a sesión sendo as 12 h., estendéndose posteriormente a presente acta, de todo o que, como secretaria do Tribunal dou fe.

(DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE Á MARXE)

Concello do Grove

Praza do Corgo, s/n, O Grove. 36980 Pontevedra. Tfno. 986730975. Fax: 986731358



Cod. Validación: 6P4C35HRKWXN5PWCP5MJJMLD9 | Corrección: <https://concellogrove.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 3 a 3